



**FONDO SOLIDARIO, AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR
CURSO 2023/2024**

Segundo a **ORDE do 10 de maio de 2023 (DOG Núm. 94 do 19 de maio)**, todos os centros docentes sostidos con fondos públicos disporán dun fondo solidario de libros, que estará integrado polos libros e material reutilizable adquirido coas axudas dos cursos anteriores, que o alumnado beneficiado está obrigado a devolver.

- Establécese a participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado de **3º e 4º de primaria e 3º e 4º da ESO**.

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €	6 libros
Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €	4 libros
Alumnado tutelado por Xunta ou discapacidade superior ao 65%	6 libros

- En **1º e 2º de primaria** poderán solicitar axuda de libros de texto, non existindo o fondo solidario.

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €	240€
Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia	240€
Renda per cápita familiar superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€	160€
Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65%	300€

- En **5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO** continuarase co proxecto E-Dixgal. Neste caso o alumnado está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto. Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar.
- A maiores, todos os cursos da educación primaria e ESO poderán solicitar axuda de material escolar (**75€**).

Requisitos.

1. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado admitido nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2023/2024.
2. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023

1. **Preferiblemente** tramitarase vía electrónica no formulario normalizado (ED330B - anexos I e II) dispoñible na aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> a través da sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> (precisa Chave365 ou outro mecanismo de identificación e sinatura admitido pola sede)
2. **Opcionalmente** poderán entregar a solicitude no centro. Deberán traer a solicitude cuberta e asinada e as fotocopias necesarias en cada caso. **Recorde que non se farán fotocopias no centro.** Os anexos pode descargarlos dende a aplicación <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou dende a páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpi.alcaldepichel>. Tamén se poderán obter en papel no centro.

No caso de presentala no centro en papel, farase preferiblemente nas seguintes datas:

Alumnado de Educación Primaria – do 24 ao 30 de maio
Alumnado da ESO – do 31 de maio ao 6 de xuño

PUBLICACIÓN LISTAXES PROVISIONAIS E DEFINITIVAS

(no taboleiro interior do centro ou acceso por vía electrónica ao seu expediente)

- Resolución **provisional: 7 de xullo** (Prazo para formular reclamacións: **10 e 11 de xullo**)
- Resolución **definitiva** coa asignación de libros: **14 de xullo**

ENTREGA DE LIBROS DE TEXTO E RECOLLIDA DE CHEQUES DE MATERIAL

- Alumnos que pasan para 1º, 2º, 5º e 6º Primaria - día **7 de xullo** (recollida de cheques)
- Alumnos que pasan para 1º e 2º de ESO - día **10 de xullo** (recollida de cheques)
- Alumnos que pasan para 3º Primaria - día **12 de xullo** (recollida de libros do fondo e cheques)
- Alumnos que pasan para 3º ESO - día **13 de xullo** (recollida de libros do fondo e cheques)
- Alumnos que pasan para 4º de primaria - **6 de SETEMBRO** (recoller libros fondo + cheque material)
- Alumnos que pasan para 4º da ESO - **7 de SETEMBRO** (recoller libros fondo + cheque material)

Documentación (debe ter validez no momento de presentala e reflectir a situación familiar, persoal e económica a 31 de decembro de 2021, agás en casos de violencia de xénero ou separación ou divorcio posterior que atribúa a custodia a un dos proxenitores):

- a) **Anexo I** debidamente cuberto e asinado. Se un solicitante ten varios fillos/as matriculados/as, debe presentar unha solicitude única para todos os que se solicita a axuda, especificando o nivel de estudos no curso 2023/2024.
- b) **Anexo II** de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.
- c) Copia do **Libro de familia ou documento equivalente** onde figure o alumno e todos os membros computables. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán entregar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor. Excepcionalmente, se non é posible facelo mediante estes documentos, poderase acreditar o número de membros mediante un certificado/volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- d) **Certificado de discapacidade** do alumno ou membro familiar non expedido pola Administración autonómica
- e) No caso de situación de **violencia de xénero no ámbito familiar**: documentación xustificativa.
- f) Resolución xudicial de **incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- g) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de **acollemento** ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de **tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- h) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o **pai/nai/titor/a carezan de DNI ou NIE**.

*O **alumnado en situación de garda e tutela da Xunta de Galicia** ou cunha **discapacidade igual ou superior ao 65%** será beneficiario desta axuda con independencia da renda.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar (**exercicio fiscal 2021**) entre o número de membros computables, tendo en conta que **computarán por dous os membros** que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2021, para os efectos do cálculo, **sumarán os recadros 435** (base imponible xeral) e **460** (base imponible do aforro) **da declaración. De non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.**

Nos casos de **violencia de xénero**, cando o agresor forme parte da unidade familiar, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar con referencia á **situación familiar en 31 de decembro de 2021**, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia a un dos proxenitores e nos casos de violencia de xénero.

- Os/as pais/nais non separados/as legalmente nin divorciados/as ou, de ser o caso, o titor/a do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar ou preadoptivo.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados/as con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos/as que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

2. **No terán a consideración de membro computable:**

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

3. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

4. No caso de **falecemento** dalgún dos proxenitores, acreditar mediante un certificado de defunción.

É OBRIGA DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS:

- a) Devolver os libros de texto e material reutilizable adquirido no curso 2022/23. A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso anterior ou de calquera outro, serán causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar.
- b) Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable recibido no curso 2023/24.
- c) Destinar o importe do vale para libros a adquirir, única e exclusivamente, os libros de texto que indique o centro no que estea matriculado o alumnado.
- d) Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.